

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 10 DE XULLO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dez de xullo de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. XESTIÓN URBANÍSTICA.- Acórdase aprobar o "Proxecto de obras ordinarias para a execución da parte da vía de nova apertura lateral por cesión de terreo nunha parcela incluíndo o encontro coa av. Benigno Rivera.", promovido por unha entidade mercantil.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto tramitación ordinaria na contratación do servizo de actividades lúdicas para nenos e nenas no mercado municipal e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2024-C003-000011.

Acórdase a adxudicación na contratación dun servizo de conservación, mantemento e reparación de vehículos municipais (mecánica para vehículos de obras, servizos e dúmpers), exp. ref. 2024-C003-000010.

Así mesmo, acórdase a segunda prórroga dos contratos correspondentes á contratación da prestación do servizo educativo-asistencial e de cociña-limpeza nas escolas infantís municipais Luís Soto Menor (lote 1) e María Wonenburger (lote 2), exp. 2021/C003/000004.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac4876810996128672350.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10-7-2024

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade na contratación do patrocinio publicitario co motivo da celebración no Concello de Lugo do festival "Caudal Fest" 2024 e a apertura do procedemento de contratación, exp. ref. 2024/C005/000004.

Do mesmoxeito, acórdase a segunda prórroga na contratación da subministración de material de imprenta (reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social), exp. ref. 2022/C004/000011.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

3. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a resolución do procedemento de reintegro da subvención directa e excepcional á Diocese de Lugo para a rehabilitación da cuberta da Capela do Carme.

Tamén se acorda aprobar a aceptación subvención para mantemento de actividades de orientación laboral.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

4. MERCADOS.- Acórdase a restruturación do espazo do mercado de Frigsa e toma de razón de renuncia do posto núm. 96.

Fóra da orde do día

- Addenda ao Convenio de colaboración entre a Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A. S.M.E. e o Concello de Lugo para facilitar o ingreso en contas correntes operativas de xiros postais utilizados para pagar débedas tributarias e outras de dereito público.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.